



NOTIFICACIÓN ÓS PAIS E NAIS DOS ALUMNOS

Fronte a situación xerada pola aparición da nova gripe A, os centros docentes están sendo informados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ,en coordinación coa Consellería de Sanidade, sobre as medidas xerais a levar a cabo polas comunidades escolares.

Estas indicacións irán encamiñadas a facer un correcto seguimento e control de calquera alumno/a, persoal docente e non docente dos centros escolares. A información é de carácter eminentemente preventivo coa intención de que todos nos adaptemos e de que vostedes coñezan á situación epidemiolóxica do momento.

As medidas preventivas son as seguintes:

1. Medidas persoais

Os docentes transmitirán e reforzarán ó alumnado as seguintes medidas, principalmente coa poboación infantil, facendo especial énfase nas medidas hixiénicas básicas:

- Cubrir a boca e o nariz ao tusir e esberrar con panos de papel e tiralos ao lixo.
- Se non se teñen panos de papel, tusir e esberrar sobre a manga da camisa (ángulo interno do cóbado) para evitar a contaminación das mans.
- Lavar as mans *frecuentemente* con xabón (durante 15-20 segundos) e, sobre todo, despois de tusir ou esberrar.
- Evitar tocar coas mans os ollos, o nariz ou a boca.
- Non compartir obxectos persoais, de hixiene ou aseo (toallas...), utensilios de comida (vasos, garfos....). alimentos, etc.
- Non chupar o material escolar, xoguetes, etc

2. Medidas do contorno

O centro escolar extremará os bos hábitos de hixiene nas súas dependencias, prestando especial atención a:

- Ventilación diaria das aulas e de todas as dependencias do edificio escolar, polo menos, *antes de empezar e despois de rematar as clases*.

- Limpeza dos espazos o máis meticolosa posible, e de forma máis minuciosa nos baños e nas cociñas.
- Eliminación dos materiais de hixiene de emprego común: toallas, pastillas de xabón e alfombras (nos niveles educativos iniciais). Sendo substituídas por panos desbotables e dispensadores de xabón.
- Colocación de dispensadores de solucións hidroalcohólicas nas zonas comúns.

3. Medidas en áreas especiais

- Servizo de comedor

Entre outras actuacións de hixiene básica, limpeza e bos hábitos, os responsables de comedor incidirán no seu cumprimento de varias medidas:

- Os alumnos realizarán un lavado de mans *antes e despois* do servizo de comedor.
- Os cuidadores extremarán a atención para evitar que se compartan os utensilios de comida (garfos, vasos, servilletas, etc.).
- Os cuidadores disporán de mascarillas faciais para a atención dos alumnos/as de comedor dos niveis inferiores.

- Servizo de buses TRANSPORTE ESCOLAR

O centro transmitirá ás empresas responsables do servizo de autobús as medidas hixiénicas e materiais básicos cos que cómpre traballar diariamente, de acordo coas medidas básicas recomendadas.

Así mesmo, a comunidade educativa solicita a colaboración das familias no traballo diario desta campaña preventiva na vixilancia dos síntomas comúns de gripe nos nenos e nenas e na comunicación directa cos profesores nos casos de absentismo escolar e de diagnósticos médicos sobre esta enfermidade de gripe A, para a informatización destes datos e transmisión á administración educativa.